

# A POESIA VAIPOLORIO DOS GAFOS

Velai a lua grande eo rio dos Gafos por unha data compartiron protagonismo grazas a Fundacion CUÑA CASABELLAS que no seu X11 BRUMARIO POETICO quesonlle render unha merecida homenaxe a ASOCIACION VAIPOLORIO que cas xornadas de limpeza mantellen limpo o rio que todos enporcamos a cotio.

Foi unha xornada moi emotiva donde o rio pequeno pero enorme en historia e vivenzas para os veciños foi por un dia a estrela el que e un dos rios mas maltratados por fin alguen o puso en valor e dun dos xeitos mais fermosos ca poesia, baixaba onte o rio paseniño e feliz cunha enchente de palabras fermosas na compañía dos paxaros parrulos avelaiñas volvoretas e morcegos que a cotio fanlle compañía ata a natureza pusose de acordo no homenaxe ao rio e as arbores e as follas que amarelan e caen no seu leito locen os mellores cores e se espelleaban no leito do rio

O marmurio do rio semellaba musica cando recitaban as poesias que os poetas adicabanlle ao pequeno rio pouco mais que un riachuelo no veran como dixo na gala Miguel Cuña pero un rio enorme cheo de fermosas historias e lendas e fonte de vida e traballo para a xente que facia a vida ao seu caron un rio fermosísimo cheo de relanzos muiños e lavadoiros que sacaron da fame a moitas familias e fixeron mais levadeira a vida noutro tempo xermolo de ateneos de sabedoria popular como foron nun tempo os muiños temos que lembrarnos que noso baile mais popular a muiñeira saiu deses recunchos de cultura popular e tradicions mais nosas.

No podia faltar tamen a musica que a puxeron o grupo de musica tradicional os Chichisos que como eles din non soi fan musica tamen fan cultura con moitísimas actividades ao longo do ano como asociacion cultural por unha data o rio cambeava o rechouchio dos paxaros eo canto do merlo reidor por outra musica.

Noraboa a Fudacion Cuña Casabellas eo Brumario Poetico por encher Nobembro de poesia e xa van doce anos como merito que eso ten hoxe en dia . tamen por soposto para os homenaxeadosos homes e mulleres bos e xenerosos de Vaipolorio pola laboura impagable que fan pola conservacion e limpeza e divulgacion e posta en valor do rio dos Gafos e por lembrarse e por unha placa recordatorio da figura de Bermudez de Castro un visionario que fai moito tempo cun estudio lembrounos que o estado natural dun rio e estar como estivo sempre descuberto e integrado no entorno un agasallo da natureza que nos temos a obriga de coidalo e mantelo tal como o atopamos para desfrute de novas xeneracions vindeiras.

*Antón Roel*